



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO PEON\_APROL RURAL 2023\_REALIZACION DE LABORES DE MELLORA FORESTAL NO CONCELLO DE MESIA

**EXPEDIENTE:**2023/G003/000194

### ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 26/04/2023, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación temporal dun peón para realización de labores de mellora forestal no Concello de Mesía ao abeiro da subvención concedida Apról rural 2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña. Presentouse oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Ordes e publicáronse as bases na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

Visto o resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Ordes e rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, publicouse, en data 12/05/2023, a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, elevada a definitiva dado que non existía necesidade de subsanación, e nomeouse aos membros do tribunal cualificador, e convocáronse para a realización da proba de lingua galega, para a valoración da documentación da fase de concurso e para a realización da proba práctica da fase oposición.

Vista a proposta do tribunal cualificador segundo as puntuacións obtidas polos/as aspirantes durante o proceso selectivo, tal como se reflicte de seguido, e de conformidade coa dita proposta.

DNI	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN		
		FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN	TOTAL
****602**	Romero Vázquez Montserrat	-	Renuncia á facer a proba	-
****301**	Sánchez Sánchez José Manuel	1,40	7	8,40

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear para o posto de peón, ao abeiro da subvención Apról Rural 2023, dende o día 19 de maio de 2023 ata o 18 de febreiro de 2024, baixo a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a xornada completa, cun salario bruto mensual de 1.453,25 euros, a:

- Sánchez Sánchez José Manuel, DNI \*\*\*\*301\*\*.

**SEGUNDO.-** Notificar ao interesado para a sinatura do contrato correspondente.

**TERCEIRO.-** Publicar o presente decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

Mesía, xoves 18 de maio de 2023



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000194

O Alcalde /Presidente. Mariano Iglesias Castro